

25n Día internacional da eliminación das violencias contra as mulleres

2 0 2 4




ROMPE O SILENCIO

Propostas didácticas

PARA TRABALLAR NAS AULAS
DE **INFANTIL** O 25N

(CO)educando á par que (DE)construíndo



Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: Laura Veiga
Xornalista, sexóloga e divulgadora

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxes cuberta e interior: Freepik.com

Xustificación

O 25 de novembro, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES, é unha data clave para concienciar e sensibilizar sobre a necesidade de erradicar todas as formas de violencia que sofren as mulleres no mundo. Para estes obxectivos, resulta fundamental comezar desde as primeiras etapas educativas a introducir valores de igualdade, respecto e convivencia pacífica.

A introdución de programas de prevención da violencia de xénero en educación infantil está apoiada por un marco legal que busca garantir a igualdade e a protección desde as primeiras etapas educativas. Na Lei Orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero no punto 1 do artigo 4 do capítulo 1 establécese que

«o sistema educativo español incluírá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. Igualmente, o sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos».

Do mesmo xeito, o artigo 24 da Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes establece que

«as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes, a través da integración activa nos obxectos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados se produzan desigualdades entre mulleres e homes». Así, contéplase o desenvolvemento de actuacións orientadas a fomentar a igualdade en todas as etapas educativas e a eliminar os «comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan a discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración nos libros de texto e materiais educativos».

Nesta unidade didáctica para infantil, traballarase de xeito adaptado ao nivel cognitivo e emocional das crianzas para que comprendan conceptos básicos sobre a igualdade de xénero, o respecto mutuo e a resolución pacífica de conflitos.



A través do xogo, as actividades plásticas, os contos e as cancións, as crianzas aprenderán a identificar actitudes de respecto e colaboración, así como a recoñecer comportamentos que non deben reproducirse, como os insultos, as pelexas ou calquera forma de violencia, especialmente no contexto de relacións interpersonais.

Iniciar este traballo na infancia é crucial para previr futuras situacións de violencia e desigualdade, fomentando relacións máis equitativas e saudables entre nenas e nenos. Ademais, promove un desenvolvemento emocional equilibrado, axudando a que as crianzas medren nunha contorna de empatía, solidariedade e respecto á diversidade. Esta intervención temperá contribúe á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

A loita contra a violencia de xénero tende a manifestarse facendo fincapé na violencia física ou psicolóxica, posto que son as formas máis graves e que máis atentan contra a liberdade das persoas. Neste sentido, na etapa de infantil resulta fundamental educar para evitar as agresións físicas, os insultos, a manipulación e as ameazas contra a autoestima ou o benestar das crianzas. Con todo, a violencia simbólica, máis sutil, está profundamente arraigada na sociedade, contribuíndo a manter o sistema de opresión contra as mulleres e xustificando as outras formas de violencia máis explícitas. Esta violencia maniféstase a través de actitudes, comportamentos e mensaxes que perpetúan a desigualdade e xustifican a discriminación. Isto inclúe a difusión de estereotipos de xénero nos medios de comunicación, na publicidade e nas propias expectativas que a sociedade impón sobre as persoas.

As expectativas sociais comezan a moldear a educación das crianzas segundo o sexo asignado durante o embarazo ou ao nacer. A roupa, os xoguetes e as formas



nas que se lles fala ás crianzas comezan a ser diferentes, asignando con elas unha serie de papeis ou roles. As crianzas, ao comezo da súa vida, non distinguen entre os elementos que determinan a súa identidade sexual e de xénero, mais pouco a pouco eses estereotipos irán calando e instalándose na súa maneira de relacionarse consigo mesmas e co mundo que as rodea. E precisamente na etapa de infantil, a familia e a escola son os principais modelos sociais sobre os que as crianzas van configurar a súa personalidade, polo que resulta fundamental prestar especial atención ás mensaxes que se lles van transmitindo.

As diferenzas na educación que reciben nenos e nenas están ben documentadas:

- **Estereotipos de xénero.** O informe *Gender, Education and Skills* da OECD (2023) salienta que a falta de confianza das nenas nas súas habilidades matemáticas e científicas está asociada con estereotipos de xénero que se transmiten na casa, na escola e na comunidade. Estes estereotipos tamén afectan as expectativas de pais e docentes sobre as carreiras que poden seguir as nenas. As crenzas conscientes ou inconscientes dos docentes sobre as capacidades de nenos e nenas inflúen no rendemento das e dos estudantes. Estas expectativas poden reforzar ou desafiar os estereotipos, afectando as eleccións de carreira e as oportunidades no futuro.
- **Uso do espazo e dos recursos.** Segundo o informe *Gender Equality in Education* de UNICEF (2020), a segregación dos espazos de xogo e os recursos —como xogos e materiais de aprendizaxe asociados a xénero— pode limitar as oportunidades de desenvolvemento para ambos sexos, contribuindo á interiorización de roles tradicionais. Estudos como *Play and Pedagogy in Early Childhood* de Dockett e Fler (2009) evidencian que a creación de espazos neutros e a provisión de recursos inclusivos non só fomenta a igualdade, senón que tamén mellora



a autoestima e a confianza dos nenos e nenas, favorecendo un ambiente de aprendizaxe equitativo.

- **Estereotipos de xénero nos materiais educativos.** Sabemos que os libros de texto e materiais didácticos adoitan mostrar a homes e mulleres en roles estereotipados. Os homes aparecen máis frecuentemente como protagonistas de accións públicas, como científicos, policía ou heroes históricos, mentres que as mulleres

están asociadas a roles de coidado, como enfermeiras ou mestras. Estes estereotipos contribúen a reforzar imaxes limitantes sobre o que nenos e nenas poden ou deben ser. A inclusión de materiais que representen de forma equitativa a todos os xéneros e que desafíen estes estereotipos é crucial para promover un ambiente de aprendizaxe inclusivo e igualitario. Como indica o informe *Global Education Monitoring Report: Gender Report* da UNESCO (2019), a elección consciente de materiais educativos que aborden a igualdade de xénero é unha estratexia eficaz para fomentar un cambio cultural positivo desde a infancia.

- **Elección de carreiras e especializacións.** Segundo o informe *Gender, Education and Skills* da OECD (2023), a pesar de ter mellores resultados académicos, as nenas tenden a evitar áreas como STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), optando por carreiras de menor remuneración, debido en parte á falta de modelos a seguir e a ansiedade ante o fracaso nestes campos.
- **Autoestima e rendemento académico.** A autoestima está fortemente ligada ao éxito académico. Diversos estudos mostran que as nenas, en particular, son propensas a sufrir unha diminución da autoestima cando son expostas a estereotipos negativos ou discriminación en contextos educativos. Esta dinámica pode levar a un rendemento académico inferior, xa que a falta de confianza nas súas propias capacidades afecta á súa motivación e participación nas actividades escolares. Para contrarrestar estes efectos, é fundamental que as educadoras creen un ambiente de aprendizaxe que promova a autoestima e a igualdade.

Sabendo isto, é fundamental traballar para evitar os nesgos de xénero nas aulas, así como buscar a colaboración e a educación das familias para, entre todas, axudar a erradicar a discriminación e a violencia de xénero.

A igualdade é un concepto que se vai construíndo día a día, polo que as actividades que se propoñen nesta unidade didáctica son só algunhas das que se poden levar a cabo, sen esquecerse de manter os principios e valores tamén no resto de actuacións que se fagan nas aulas e no patio.

Metodoloxía

A presente unidade didáctica está deseñada para traballar diversos conceptos relacionados coa igualdade de xénero na etapa de educación infantil, e pode ser utilizada non só polo profesorado, senón tamén polas familias e outros actores sociais que interveñen na educación das crianzas. A metodoloxía adoptada é participativa e colaborativa, promovendo a implicación activa de todos os participantes no proceso educativo.

Un dos eixos principais desta unidade é o uso do xogo como mecanismo esencial nos procesos de ensinanza e aprendizaxe. A través de actividades lúdicas, as crianzas poden explorar e reflexionar sobre conceptos de igualdade de xénero, a diversidade e o respecto, desenvolvendo habilidades sociais e emocionais que son fundamentais nesta etapa. O xogo permite tratar estas temáticas de maneira accesible e significativa, fomentando a curiosidade e a empatía.

O rol do profesorado é fundamental, actuando como acompañante e sostén dos procesos de aprendizaxe nos que transita o alumnado. A docente facilitará un ambiente seguro e inclusivo, promovendo a expresión libre de ideas e emocións, e guiando as actividades para asegurar que todas as crianzas participen e se sintan valoradas. A través da observación e a retroalimentación constante, o profesorado poderá adaptar as actividades ás necesidades e intereses das crianzas, garantindo así que a aprendizaxe sexa relevante e significativa.

Deste xeito, a unidade non só busca sensibilizar sobre a violencia de xénero, senón tamén empoderar ás crianzas, fomentando a construción de relacións baseadas no respecto e a igualdade desde a primeira infancia.

Como engadido, antes das actividades pode realizarse un acordo ou pacto, de maneira que todas as crianzas que participan nelas teñan claros os límites e valores que se van traballar. Estes principios tamén poden quedar por escrito e colgadas na parede como normas da aula.

Obxectivos xerais

- Identificar e fomentar o bo trato
- Identificar e rexeitar o mal trato
- Dotar de estratexias para establecer relacións sas
- Aprender que poden ser o que desexen cando sexan maiores

- Reforzar o xogo sen restricións de xénero
- Identificar as propias emocións
- escoitar e recoñecer as emocións alleas
- Expresar de maneira axeitada os propios sentimentos e desexos
- Fomentar unha autoimaxe positiva

Actividades

Actividade 1. CAMBIANDO ROLES

Descrición da actividade

Proporcionaremos ferramentas ou accesorios ligados a diferentes profesións (mecánica, cocina, enfermaría, ciencia, etc.) e invitaremos ás crianzas a xogar poñéndose no papel de profesionais. Despois do xogo e de pasar polas diferentes profesións, comentaremos que cousas lles gustaron máis de cada rol, reforzando a idea de que todas e todos poden facer as mesmas tarefas.

Obxectivos da actividade

- Aprender que poden ser o que desexen cando sexan maiores
- Reforzar o xogo sen restricións de xénero

Materiais

- Disfraces, xoguetes ou accesorios ligados a profesións





Actividade 2. MANS AMIGAS

Descrición da actividade

Cada crianza debuxa a súa man nunha cartolina, poñendo dentro algunha palabra ou algo que represente un xesto de amizade ou de respecto (axudar a outra persoa, compartir xoguetes, etc). Todas as mans colócanse nun mural nunha roda, formando un círculo de amizade e respecto.

Obxectivos da actividade

- Identificar e fomentar o bo trato
- Dotar de estratexias para establecer relacións sas

Materiais

- Folios ou cartolina
- Cores
- Tesoiras
- Pegamento



Actividade 3. O SEMÁFORO DAS EMOCIÓNS

Descrición da actividade

Crearemos un semáforo das emocións que permita ás crianzas identificar cando están a gusto ou a desgusto nunha situación. O verde representa a sensación de estar a gusto; o laranxa, a sensación de querer mudar algunhas cousas para poder estar a gusto; e o vermello, a sensación de querer saír desa situación. Ao longo do día poderán falar de como se van sentindo en cada situación ou pode organizarse unha reunión ao final das aulas onde cada crianza comparta por que se sentiu a gusto ou a desgusto e as cousas que fixo para solucionaralo cando estaba a desgusto.

Obxectivos da actividade

- Identificar as propias emocións
- escoitar e recoñecer as emocións alleas
- Expresar de maneira axeitada os propios sentimentos e desexos

Materiais

- Folio ou cartolina
- Cores

Actividade 4. O ESPELLO MÁXICO

Descrición da actividade

Decoraremos un espello e invitaremos a cada crianza a mirarse nel. Mentres o fan, a docente dirá cousas positivas sobre elas (es amable, axudas aos demais, etc.) e pode convidar a outras crianzas a dicir algo bonito se así o senten. Importante non forzar nin obrigar a ninguén a que diga nada. Despois, ánimoase a cada crianza a que

se digan algo bonito a si mesmas. Pode facerse o mesmo se cada crianza se debuxa a si mesma nunha cartolina e escribe ou dita á docente unha característica positiva de si mesma que poida colocarse arredor do debuxo.

Obxectivos da actividade

- Fomentar unha autoimaxe positiva
- Identificar e fomentar o bo trato

Materiais

- Un espello
- Folios ou cartolinas
- Cores

Actividade 5. O QUE ME FAI SENTIR MAL



Descrición da actividade

Crearemos un mural colaborativo no que cada crianza debuxará ou describirá situacións que lles fan sentir mal, por exemplo, se alguén lles pega ou lles berra. Unha vez rematados os debuxos sobre estas situacións, escribiranse ao lado as maneiras nas que se pode comunicar como iso nos fai sentir mal e como podemos pedir axuda a outras persoas, crianzas ou adultas.

Obxectivos da actividade

- Expresar de maneira axeitada os propios sentimentos e desexos
- Dotar de estratexias para establecer relacións sas
- Identificar e rexeitar o mal trato

Materiais

- Cartolina
- Cores

Actividade 6. AS CÓXEGAS

Descrición da actividade

Comezaremos explicando o concepto de partes privadas (aquelas que forman parte da nosa intimidade, as que se tapan coa roupa interior e ás que ninguén debe acceder excepto nós e algunhas persoas como as médicas ou a familia cando precisamos axuda). É importante que comprendan que o seu corpo lles pertence e que ninguén pode acceder a el sen o seu permiso. Tamén falamos de que hai lugares do noso corpo que, se nos acarician ou tocan, nos fan cóxegas, que poden resultar-nos agradables ou desagradables e que tamén depende da situación. Pedimos que se coloquen formando dúas filas paralelas deixando un túnel no medio. Crianza a crianza irán pasando polo medio do túnel, explicando antes se lles apetece que lles fagan cóxegas e en que partes. Evidentemente só entran no xogo as partes públicas. É fundamental que se respecte o que cada persoa pida. Despois do xogo pode formarse un círculo para falar de como se sentiron, se houbo algo que non lles gustou e que é o que aprenderon.

Obxectivos da actividade

- Expresar de maneira axeitada os propios sentimentos e desexos
- Identificar e rexeitar o mal trato
- Dotar de estratexias para establecer relacións sas

Materiais

Ningún

Actividade 7. O CÍRCULO DA PAZ



Descrición da actividade

Facemos un círculo mentres as crianzas van facendo unha pomba con plastilina ou coloreando unha pomba de papel. Unha por unha, cada crianza compartirá unha acción ou xesto de paz que fixo (por exemplo, axudei a unha amiga, pedín desculpas cando fixen algo mal, compartín algo meu).

Obxectivos da actividade

- Identificar e fomentar o bo trato
- Dotar de estratexias para establecer relacións sas

Materiais

- Plastilina
- Folios
- Cores

Recursos

Educar en igualdad: <http://www.educarenigualdad.org/>

Edukalboan: <https://www.edukalboan.org/es>

Educagenero: <http://educagenero.org/>

Alí. Recursos en galego para a educación infantil: <http://aliali.fabaloba.com>

Recursos do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado:
<https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/recursos/>

Rede Educativa Apoio LGBTQ+ de Galicia: <https://rededucalgbtiq.org/>

Mapa de recursos de Aventureira:
<https://aventureira.com/wp-content/uploads/2021/02/Mapa-de-recursos-completo.pdf>

Material para a *Coeducación* da CIG ensino e AS-PG:
<https://www.cig-ensino.gal/recursos.html>
<https://as-pg.gal/aula-digital>

Compilación de materiais para todas as etapas de Orientación Andújar:
<https://www.orientacionandujar.es/2013/03/05/recopilacion-de-materiales-para-trabajar-la-coeducacion-8-de-marzo-todas-las-etapas/>

Unidade didáctica *Os Bolechas*:
<https://igualdade.xunta.gal/gl/content/unidade-didactica-os-bolechas>

Libros

No les cuentas cuentos, de Carlos de la Cruz e Mario de la Cruz

O teu corpo é teu, de Lucía Serrano

Vermella, de Sabela Losada

Os novos veciños, de Michael Genhar

Daniela e as mozas piratas, de Susanna Isern

Por que?, de Nikolai Popov

Rosa caramelo, de Adela Turin

Nos tratamos bien, de Lucía Serrano
O gran libro dos supertesouros, de Susanna Isern
Todas as cores do amor, de Alba Castellvi Miquel
Daniela Pirata, de Susanna Isern
Vivan as uñas de cores!, de Luis Amavisca e Alicia Acosta
O gran libro dos superpoderes, de Susanna Isern
Unha fábrica de bicos, de María Canosa
Teño dereitos, de Miguel Robledo
Daniela e as mulleres piratas da historia, de Susanna Isern
Agora somos tres, de Giorgio Valpe e Paolo Proietti
Isto non é unha selva, de Susanna Isern
O camiño, de María Luisa Núñez Álvarez
A boneca de Lucas, de Alicia Acosta e Luis Amavisca
Bágoas debaixo da cama, de Ana Meilán
Que será iso do amor, Minimoi?, de Rocío Bonilla
O monstro de cores, de Anna Llenas Serra
Teño dúas casas, de Cristina Justo
Orelas de bolboreta, de Luisa Aguilar e André Neves
Artur e Clementina, de Adela Turín e Nella Bosnia
O corpo humano, de Mathilde Paris
Cando estala a tormenta, de Bea Taboada e Dani Padrón
Até as princesas soltan peidos, de Ilan Brenman

Vídeos e filmes

Vídeo *Igualdad de género*: <https://www.youtube.com/watch?v=iax2W9qAfK0>

Conto *Vivan las uñas de colores*:

<https://www.youtube.com/watch?v=aQi9XRC4Njk>

Conto *Las aventuras de Minicornio*:

https://www.youtube.com/watch?v=opQPG_NGxEY&t=263s&pp=ygUiY3Vlb nRvIGxhcyBhdmVudHVyYXMgZGUgbWluaWNvcm5pbw%3D%3D

Conto *Lalo, el príncipe rosa*: <https://www.youtube.com/watch?v=Gr56pfgFTpQ>

Conto *SuperLola*: <https://www.youtube.com/watch?v=LVAfqivM9qw>

Conto *Daniela Pirata*: <https://www.youtube.com/watch?v=7sZs0wfrZvE>

Serie *Steven Universe*

Serie *Bluey*

